

ETERNO NAVEGAR

O disco

Este coidado disco gravado nos estudos Vale de Lobos, en Sintra (Lisboa) é o resultado de quen navega ao sabor das ondas dun mar que aproxima e une correntes.

Partindo da tradición e das atmosferas do seu lugar de orixe, Galiza, UXÍA reinventa e personaliza os sons que a relacionan con países como Portugal, Brasil ou Cabo Verde.

Da man do pianista e compositor das Illas Azores, Paulo Borges, e acompañada por unha magnífica banda preséntanos o seu novo traballo, Eterno navegar. A voz de UXÍA percorre camiños de sonoridades atlánticas e ritmos africanos que se mesturan en 15 temas baixo a súa melodiosa voz e o seu estilo intimista.

O Atlántico impregna a personalidade deste novo traballo, un paseo polos ambientes e ritmos destes territorios partindo da música e a poesía do seu país. Contando, cantando e sumando voces á súa propia, emprende unha travesía na que nos fai sentir desde as brisas mariñeiras, arrecendos e sabores salgados de Cabo Verde, ata a soidade da Costa da Morte.

Con UXÍA participaron nesta rica viaxe numerosos colaboradores, músicos galegos, portugueses, africanos e brasileiros nunha conxunción inaudita e moi saborosa.

Nas cancións sobrevoan moitos dos meus referentes: a voz telúrica de Santalices e, na súa zanfona, a esencia ancestral da música galega. As palabras de Caetano Veloso coa súa sedución sinuosa e cálida, a voz trémula do Zeca Afonso, a beleza do esencial e a cadencia de Cesária Évora... todos e cada un deles foron fonte de inspiración e alimento reconfortante para a alma deste disco. Así, temas como “Danza ritual”, “As nosas cores” ou “Eterno navegar” son extremadamente ricos nestes

singulares contrastes.

Navegar ao sabor das ondas dun mar que une, emprender

un “eterno navegar” para sentir brisas e sabores

mariñeiros, viaxar polo verde Miño e polo deserto, polo

día luminoso e polo solpor. Uxía conxuga á perfección

o compás dos tambores coas doces melodías galegas.

Unha experiencia única na que o fado, o alalá e a morna

fúndense para destilar un perfume único.

O que o ollo pode traducir desta sensibilidade está plasmado

nas fotografías de Quim Farinha.

Vémonos a bordo

Uxía